

EXTRACTO da Orde do 9 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás organizacións profesionais agrarias e asociacións agrarias para a realización actividades de interese agrario e as convoca para o ano 2023 (código de procedemento MR321A).

BDNS (Identif.):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias das axudas que se regulan nesta orde as seguintes entidades:

1. As organizacións profesionais agrarias.
2. As asociacións agrarias.

Segundo. *Obxecto*

A finalidade das axudas concedidas ao abeiro destas bases reguladoras é a realización de actividades de representación e de formación dos asociados das organizacións profesionais agrarias e asociacións agrarias legalmente constituídas e con implantación en Galicia e dos agricultores galegos en xeral.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Estas axudas outorgaranse ao abeiro do disposto na Orde do 9 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás organizacións profesionais agrarias e asociacións agrarias para a realización de actividades de interese agrario e as convoca para o ano 2023 (código de procedemento MR321A).

Cuarto. *Importe*

Importe total da convocatoria: 600.000 euros

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural
Joaquín Macho Canales

Secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales